

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de decembro de 2023**

Ás 17.28 horas do día 14 de decembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil, substituído por don Manuel Seoane Rodríguez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 16 de novembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª María José Mangana Guede, do BNG: pregunta pola comisión de patrimonio e desexa saber se se vai convocar e cando.

O Sr. presidente responde que agora mesmo non a pode contestar porque non está César Fernández o deputado de Cultura, lle contestará por escrito.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG: indica, respecto á zona de Expourense e Paco Paz, que supón que a zona urbanizable depende da Deputación, e sinala que sería necesario acondicionar o espazo e facer beirarrúas nos accesos. Pregunta se hai algún proxecto de urbanización. Sinala que na zona do instituto non hai beirarrúa. Cando hai algún evento é un pouco caótico no aparcamento, a xente ten que andar entre os coches. Hai zonas sen beirarrúas.

O Sr. presidente: responde que a zona de Expourense pertencelle á da Xunta de Galicia, pero descoñece a titularidade da vía.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular: indica que dende o túnel é do Concello de Ourense. Unha zona é do Concello de San Cibrao das Viñas. É unha zona situada no límite e nunha zona non hai beirarrúa.

D. Armando Ojea Bouzo, de DO: indica que está no límite entre os Concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas, e nesa zona hai problemas incluso cando se rozan as beirarrúas.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Ppular: indica que dende a ponte é do Concello de Ourense. Unha zona é do Concello de San Cibrao das Viñas. Recalca que esa zona está situada no límite de ambos concellos.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG: indica que el tamén fixo unha prospección e que tampouco conseguiu saber a quen pertence, pero destaca que cando hai determinados eventos en Expourense ou no Paco Paz, teñen que andar camiñando entre os coches, e normalmente esas actuacións rematan de noite, e algún día podería haber algún problema. Sinala que o ideal sería urbanizalo correctamente con pasos de peóns.

O Sr. presidente: manifesta que descoñece neste momento a titularidade pero o consultará e se aclarará.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista: di que no mes de decembro de 2021 se aprobou, nesta Deputación, unha moción do Grupo Socialista, para solicitar a Real academia galega para dedicar o día das letras galegas 2023 a Antón Tovar Bobillo. O parlamento de Galicia aprobou recentemente unha iniciativa do PP para homenaxear a esta figura neste ano vindeiro, no que se conmemora o vinte aniversario do seu pasamento. Pregunta: ¿Pode a Deputación de Ourense reiterar á Real Academia a petición de dedicar o día das letras galegas ao limiao Antón Tovar para o ano 2025?

O Sr. presidente: responde que descoñecía este acordo, a recollen e a verán. Indica que tamén tiñan algunha outra idea.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG: indica que é veciño de Sobrado do Bispo e de alí é Alberto González Ferrreiro, poeta, e varias asociacións culturais de Ourense propoñen que sexa candidato ao día das letras galegas. Non quere competir con Antón Tovar. Engade que a Real academia establece as candidaturas en función de provincias, de datas, se é home ou muller.

O Sr. presidente: di que el como alcalde de Pereiro tamén ten un candidato que é Ben Cho Sei.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

